

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE - SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE PARA A MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE LIBRAMENTO DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DE FINANCIAMENTO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizaron o 06.05.2021 o convenio arriba referido, por un período de vixencia que coincide co da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime que se seguirá no libramento das transferencias correntes de financiamento que realiza a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. O artigo 13.b) do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, establece que lle corresponde ao Consello Reitor aprobar, por proposta da Xerencia da Axencia, o anteproxecto de orzamentos anuais da entidade, que deberá ser remitido para o seu exame á consellería competente en materia de sanidade que, previo exame, remitirao xunto co orzamento da propia consellería á consellería competente en materia de facenda, para a elaboración dos orzamentos da comunidade autónoma.

En virtude desa disposición, no orzamento de gastos da Consellería de Sanidade consígnanse as transferencias de financiamento tanto correntes como de capital á dita axencia.

2. Dende o Servizo Galego de Saúde tamén se dotan fondos de natureza corrente para o financiamento de actividades na axencia.
3. No orzamento de gastos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, concretamente nas aplicacións orzamentarias que recollen as transferencias correntes de financiamento á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (1201/411A/432.14 e 5001/411A/432.14), existen distintas finalidades de fondos. En concreto, a transferencia corrente de financiamento dispón de fondos propios libres da Comunidade Autónoma, fondos finalistas do Estado e outros fondos europeos.

4. O artigo o artigo 47.2. da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 establece que as achegas de natureza corrente deberanse librar con carácter mensual por doceavas partes, salvo que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento.
5. Nas transferencias correntes de financiamento existen fondos finalistas que financian actividades concretas na axencia e que pola súa natureza teñen carácter incorporable, é conveniente establecer un réxime de libramento diferente para as modalidades de fondos finalistas, e establecer o libramento atendendo ao ritmo de execución dos gastos na Axencia.

É por todo o exposto que, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde acordaron modificar o réxime de libramentos das transferencias correntes de financiamento a favor da axencia, a través do devandito convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago,

